



REGULAMENTO

VI CLÁSICA GANDEIRA

SANTA COMBA 2026

SÁBADO, 28 DE MARZO 2026

Únete ao rabaño, corre polo rural

A carreira pedestre “**VI Clásica Gandeira de Santa Comba**” é unha iniciativa do **Concello de Santa Comba** que se desenvolve a través da súa Concellería de Deportes en colaboración con outros servizos e asociación e institucións de ámbito municipal, provincial, autonómico e estatal. O obxectivo principal é fomentar a práctica da actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable, así como promover a competitividade lúdica ligada aos valores do deporte e, a través do pedestrismo, dar visibilidade ao sector da gandería da **Terra de Xallas**. Tamén é unha prerrogativa deste evento integrar tanto na súa organización como no seu desenvolvementos os **ODS**, en particular os relativos a **Saúde e benestar (ODS3)**, **Educación de calidade (ODS4)**, **Igualdade de xénero (ODS5)**, **Redución das desigualdades (ODS10)** e **Produción e consumo responsables (ODS12)**, sendo así un medio para crear sinerxias e facilitar a propagación de condutas e comportamento comprometidos coas persoas, a igualdade e o medio ambiente entre toda a poboación.

A proba está incluída no **Calendario oficial da Federación Galega de Atletismo**.

A **VI Clásica Gandeira** celebrarase o **sábado 28 de marzo** a partir das 16:00 horas e as súas probas rexeranse polo seguinte regulamento que, á súa vez, está supeditado á normativa da **Federación Galega de Atletismo**.



REGULAMENTO

Artigo 1. Participación

Nesta proba poderán participar todas aquelas persoas que formalicen a súa inscrición en tempo, forma e prazo preciso e sempre que entren dentro do rango de idades establecido para as categorías recollidas no presente regulamento. O control da proba estará baixo a supervisión do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

Artigo 2. Categorías de competición

Estableceranse as seguintes categorías de competición, tanto femininas como masculinas:

CATEGORÍAS	ANOS DE NACEMENTO/IDADE
Pitufas/os	Nadas/os en 2019 e anos posteriores
Sub 10	Nadas/os en 2017-2018
Sub 12	Nadas/os en 2015-2016
Sub 14	Nadas/os en 2013-2014
Sub 16	Nadas/os en 2011-2012
Sub 18	Nadas/os en 2009-2010
Sub 20	Nadas/os en 2007-2008
Sub 23	Nadas/os en 2004-2005-2006
Sénior	Nadas/os en 1992 ata 2003
Máster 1	Nadas/os en 1986 ata 1991
Máster 2	Nadas/os en 1976 ata 1985
Máster 3	Nadas/os en 1966 ata 1975
Máster 4	Nadas/os en 1965 e anteriores



Artigo 3. Horarios de competición

Estableceranse os seguintes horarios para as diferentes carreiras e para a entrega de trofeos, tanto femininas como masculinas:

HORARIO	PROBA	DISTANCIA
16:00 h	CARREIRA -> Sub 10-Sub 12	1 km aprox.
17:50 h	CARREIRA DE 3K -> (de SuB 14 a Máster)	3 km aprox.
16:20 h	CARREIRA DE PITUFAS/OS	300 m aprox.
16:40 h	CARREIRA DE 10K -> (De Sub 18 a Máster)	10 km aprox.
18:20 h	ENTREGA DE PREMIOS	

Artigo 4. Lugar de saída/meta das probas

O lugar de saída para as distintas probas, así como a meta, será a **Avenida Alfonso Molina**, diante da *Casa de Cultura*, situada no núcleo urbano de Santa Comba (capital municipal).

Artigo 5. Descrición dos percorridos das diferentes categorías

1.- **Circuíto de 10k**: lonxitude aproximada de 10 km. O percorrido ten superficie mixta, un 70% asfalto e 30% terra. Transcorre ao longo de zonas de especial interese gandeiro, atravesando incluso varias explotacións gandeiras.

2.- **Circuíto 3k**: lonxitude aproximada de 3 km, con superficie de asfalto. As corredoras e corredores completarán unha volta, atravesando unha explotación gandeira.

3.- **Circuíto Sub 10-Sub 12**: Lonxitude aproximada de 1km, con superficie de 100% asfalto.

4.- **Circuíto de Pitufas/os**: Lonxitude aproximada de 300 m, con superficie de asfalto 100%.

Artigo 6. Inscripcións. Prezos e prazos

As inscricións para as distintas probas realizarase de forma telemática, online por medio da páxina web www.ccnorte.com.

O prazo de inscrición rematará o **mércores 25 de marzo de 2026 ás 13:00 horas**. Non se aceptará ningunha inscrición unha vez rematado dito prazo.



PREZOS DAS INSCRICIÓNS

PROBA	PREZO (ata o 8 de marzo)	PREZO (dende o 8 de marzo)
CARREIRAS SUB 10-SUB 12 e pitufas/os	GRATUITO	GRATUITO
CARREIRA DE 3 KM aprox. (Sub 14 a Sub 16)	GRATUITO	GRATUITO
CARREIRA DE 3 KM aprox. (de Sub 18 a Máster)	4 €	5 €
CARREIRA DE 10KM aprox. (de Sub 18 a Máster)	9 €	12 €

AGASALLO CONMEMORATIVO: todas as inscricións formalizadas correctamente antes do día 20 de marzo darán dereito á obtención dunha camiseta conmemorativa do evento.

Artigo 7. Recollida de dorsais e CHIPS

Tanto a recollida de dorsais como a de CHIPS realizarase o día da proba, nun punto especificamente sinalado nas inmediacións da *Casa da Cultura* do Concello de Santa Comba (preto do punto de saída) **a partir das 14:30 horas e ata media hora antes do inicio de cada proba.**

Artigo 8. Control con CHIP

As probas de adultos estarán controladas a través dun **dorsal chipeado** que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal. Levalo posto ao longo da proba será obrigatorio e necesario para acceder tanto aos resultados da cronometraxe como para poder ser premiadas/os nas distintas categorías.

Artigo 9. Premios

Cando rematen todas as probas, celebrarase o acto de entrega de trofeos e medallas. Os premios e recoñecementos serán os seguintes:

- Trofeos para as/os tres primeiras/os clasificadas/os das categorías Pitufa/o, Sub 10 e Sub 12.
- Medallas para todas/os as/os participantes na categoría Pitufa/o.
- Trofeos para as/os tres primeiras/os clasificadas/os absolutas/os da proba de 10K.
- Trofeos para as/os primeiras/os clasificadas/os das categorías Sub 18, Sub 20, Sub 23, Sénior, Máster 1, Máster 2, Máster 3 e Máster 4 da 10K.
- Trofeos para as/os tres primeiras/os clasificadas/os absolutas/os da proba de 3K.



- Trofeos para as/os primeiras/os clasificadas/os das categorías Sub 14 e Sub 16 da proba 3K.
- Trofeos para os 3 primeiros clubs federados da carreira de 10K*.
- Trofeo para a/o primeira/o corredor/a local** das probas de 3K e 10 K.
- Premios económicos de 300 €, 150 €, 100 € e 75 € aos 4 primeiros clubs federados da Carreira de 10 K*. **Lembramos que a esas cantidades económicas aplicaranse os correspondentes descontos fiscais.**
- Premios económicos de 75€ para a/o primeira/o corredor/a local** da 10K (75€).

As persoas participantes gañadoras nas distintas categorías que non acudan ao acto de entrega de premios e trofeos non terán dereito a reclamar os mesmos posteriormente (incluídos os premios en metálico).

A organización reservase o dereito de solicitar o DNI ou documento acreditativo de identidade e/ou idade dunha persoa participante en caso de dúbida ou posterior reclamación que poida afectar á entrega de premios da categoría á que afecte.

**A clasificación de clubs federados establecerase a través da suma dos postos das/dos 6 primeiras/os corredoras/es chegadas/os a meta de cada club. Os equipos poderán ser mixtos. Non se poderán alinear atletas dos clubs filiais.*

*** Considerarse corredores locais ás persoas que estean empadroadas no Concello de Santa Comba durante os últimos 365 días. Os premios non serán acumulativos agás os correspondentes ás/aos corredoras/es locais das probas de 3K e 10K.*

Artigo 10. Servizo de duchas e vestiarios

A organización da **VI Clásica Gandeira** facilitará un servizo de duchas que estará habilitado desde as 16:30 h ata as 18:30 h. Accederase ás mesmas no **Complexo Deportivo de Fontenla**, situado a uns 300 metros da liña de meta (o percorrido para chegar estará debidamente sinalizado).

Artigo 11. Avituallamento

Contarase con un servizo de avituallamento líquido e sólido na zona de meta. Ademais, na proba de 10K establecerase outro punto de avituallamento aproximadamente no quilómetro 5 do percorrido (na parroquia de Alón).



Artigo 12. Vehículos autorizados no percorrido

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os propios da organización e outros vehículos previamente previstos e autorizados para cumprir funcións de seguridade, acompañamento ou labores materiais que atinxen ao bo desenvolvemento das carreiras.

Artigo 13. Responsabilidade e reclamacións

A organización da proba non se fará responsable dos danos morais e físicos que a si mesmas/os ou a outras persoas ocasionen as/os participantes.

En caso de proceder reclamacións, estas deberán ser presentadas explícita e verbalmente ante a/o xuíz-árbitra/o da proba (que será unha persoa designada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo) non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

A organización reservase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias o requiren, informando previamente a todas as persoas, entidades e organismos que corresponda.

Do mesmo xeito, faise constar que de haber cuestión específicas que non queden debidamente recollidas no presente regulamento e xeren dúbidas, estas resolverase de acordo á normativa en vigor da **FGA** e **RFEA** (por esta orde), relativas as probas en ruta da tempada 2024-2025.

ACEPTACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO

Todas as persoas participantes, polo feito de inscribirse e tomar parte na proba, aceptan este regulamento e, en caso de dúbidas ou xurdindo algunha situación non prevista nos artigos recollidos, aceptan tamén que as queixas se resolvan de acordo coas disposicións dispoñibles, o veredicto do Comité Organizador e as regras da FGA e RFEA, por esta orde.

NOTA: Esta proba forma parte do **Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo**, o que supón que disporá dos seguros e servizos sanitarios requiridos polas normativas existentes. Así, a través da súa inscrición, a/o corredora/or autoriza expresamente que os seus datos básicos sexan transferidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, do seguro obrigatorio de accidentes e Responsabilidade Civil, así como da xestión da licenza de día, o ranking popular de



probas de estrada e a clasificación no XI Circuito da Deputación da Coruña. En calquera caso e conforme ao establecido pola **Lei de Protección de Datos**, a persoa interesada poderá exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico dirixido á Federación Galega de Atletismo (Avenida de Glasgow 13, 15008 A Coruña).

INFORMACIÓN SOBRE O TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS

O **Concello de Santa Comba** é o responsable do tratamento dos datos persoais da persoa interesada e informa de que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril (GDPR), a Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro (LOPDGDD) e a Lei (ES) 1/1982 de protección civil, dereito ao honor, intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, polo que se lle facilita a seguinte información sobre tratamento:

Fins e lexitimación do tratamento:

- Prestación de servizos de actividades deportivas, para os que tamén pode ser necesario coñecer e tratar datos persoais relativos á saúde do interesado, porque é necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación a pedimento deste de medidas precontractuais (art. 6.1.b do GDPR), ademais para o tratamento de datos relacionados coa saúde porque se solicita previamente o consentimento explícito para a finalidade especificada (art. 9.2.a GDPR).
- Envío de comunicacións, porque é necesario para satisfacer os nosos intereses lexítimos se verten sobre a actividade en curso (art. 6.1.f GDPR) ou porque se solicita previamente o consentimento da persoa interesada se é sobre actividades futuras (art. 6.1.a do GDPR).
- Gravación de imaxes e vídeos das actividades realizadas polo responsable do tratamento para dar publicidade destas en medios de comunicación propios e alleos. En ningún caso se publicará o nome da persoa interesada, porque previamente se solicita o consentimento do interesado para eses fins específicos (art. 6.1.a do GDPR).
- Facturación, cobro e contabilidade dos nosos servizos, porque é necesario para o cumprimento dunha obriga legal (art. 6.1.c GDPR).



Criterios de conservación dos datos:

Conservaranse durante máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento e, cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade axeitadas para garantir a anonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos.

Comunicación dos datos:

Poderán comunicaranse os datos a CCNorte para a realización da actividade, salvo obriga legal e salvo no caso da gravación e publicación de imaxes.

Dereitos que asisten á persoa interesada:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento, advertindo que, no caso da prestación de servizos de actividades físicas e deportivas, de retirarse, tería que deixar de prestar o servizo.
- Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición ao seu tratamento.
- Dereito a presentar unha reclamación ante a Autoridade de control (www.aepd.es) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos:

Concello de Santa Comba, Praza do Concello, 1, 15841 Santa Comba (A Coruña).

Correo electrónico: correo@santacomba.es

Datos de contacto do delegado de protección de datos: Ramón Santos Pérez, dpd@santacomba.es.